

## INSTRUCCIÓN Nº 2/2017 DE 31 DE MARZO DE 2017

### SOBRE OS INVESTIMENTOS EN TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS FORESTAIS ( ficha de elixibilidade III)

O artigo 26 do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural ( Feader) regula os investimentos en tecnoloxías forestais e de transformación, mobilización e comercialización de produtos forestais.

No citado artigo sinálase que os investimentos relacionados coa utilización da madeira como materia prima ou fonte de enerxía limitaranse a todas as operacións anteriores á transformación industrial e que a axuda limitárase aos porcentaxes máximos establecidos no anexo II do Regulamento (UE) nº 1305/2013.

Coa finalidade de garantir a necesaria coherencia e complementariedade entre as actuacións do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia (PDR) e para evitar solapamentos con outras liñas de axuda, establecéronse no apartado do PDR correspondente á medida 19 (LEADER) e nas bases para a selección de estratexias de desenvolvemento rural e para a selección e recoñecemento dos GDR como entidades colaboradoras na xestión da medida LEADER no marco do PDR de Galicia 2014-2020 publicadas no DOG do 2 de marzo de 2016 (DOG. num. 42) os seguintes criterios:

*En canto aos investimentos en transformación e comercializacións de produtos forestais, apoiaranse a través do Leader de Galicia os gastos asociados a investimentos para o uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía, tendentes á produción a pequena escala de quebrado de madeira ou para pellets.*

As bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida 19 (LEADER), publicadas no DOG do 18 de xaneiro de 2017 (DOG. núm 12) engaden (artigos 41-43 - ficha de elixibilidade III-) que *“os investimentos en transformación e comercialización de produtos forestais que serán subvencionables a través das axudas do LEADER poderán incluír a corta, descastadura, torado, almacenamento, tratamento de protección e secado, así como outras operacións de traballo que sexan sempre anteriores á primeira transformación industrial da madeira.*

*Os proxectos que sexan promovidos por comunidades ou mancomunidades de montes veciñais en man común ou por agrupacións de propietarios serán subvencionables no caso de que inclúan unha extensión superior ás 15 hectáreas.*

*Os investimentos relacionados coa transformación, utilización e/ou comercialización da madeira que sexan posteriores á primeira transformación industrial da mesma serán subvencionables a través da ficha de elixibilidade V (investimentos que supoñan a creación,*



modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias)”.

Por outra banda, o artigo 69.2 letra e) das bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida 19 (LEADER) sinala que “os investimentos que consistan na adquisición de maquinaria para a realización de servizos agrarios e/ou forestais quedan excluídos de financiamento a través da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020”.

Co obxecto de delimitar polo miúdo os proxectos subvencionables que se poden encadrar na ficha de elixibilidade III, dítase a seguinte instrución:

1. A maquinaria que se considerará subvencionable ao abeiro desta ficha de elixibilidade deberá estar asociada, en todo caso, ao uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía, tendente á produción a pequena escala de quebrado de madeira e/ou para pellets. En concreto, a maquinaria subvencionable será a seguinte (\*):

| MAQUINARIA AGRICOLA E FORESTAL PARA USO NA XESTIÓN DE BIOMASA E DE RACHADO DE MADEIRA |  |
|---|--|
| MAQUINA   | USO DESCRITIVO   |
| PROCESADORAS DE BIOMASA LEÑOSA  | Apear e trocear a parte madeirable con maior aceptación para o troceo de ramaxe grande e as copas do arborado para facilitar o posterior traballo do manexo de residuos. |
| ASTILLADORAS ESTÁTICAS  | Redución de volume de distintos tipos de biomasa. Polo xeral localizadas en industrias transformadoras. Procesan sobre 200.000 Kg/hora                                   |
| ASTILLADORAS SEMIMÓVILES  | Redución de volume de distintos tipos de biomasa. Equipos de grandes dimensións para realizar astillados en campo. Procesan ata 100.000 kg/h.                            |
| ASTILLADORAS REMOLCADAS   | Redución de volume de distintos tipos de biomasa. Precisan de maquinaria tractora. Procesan entre 1.000 - 10.000 kg/h.   |
| ASTILLADORAS AUTOPROPULSADAS  | Redución de volume de distintos tipos de biomasa. Procesan 500-20.000 kg/h.  |
| EMPACADORA/EMPAQUETADORA DE BIOMASA   | Máquina para compactado de biomasa   |
| TRITURADORA DE LEÑA E TOCÓNS  | Maquina para xerar residuos leñosos sobre o terreo a través do triturado e descuartización dos mesmos. Moi empregada nos tocóns.   |

(\* ) No suposto de que a maquinaria indicada nesta instrución precise dunha cabeza tractora para desenvolver o uso á que está destinada, esta cabeza tractora non será subvencionable.



2. Por outra parte, cómpre compatibilizar a subvencionabilidade destes investimentos co disposto no anteriormente citado artigo 69.2 letra e) das bases reguladoras das axudas tramitadas a través da medida 19 (LEADER), que dispón que os investimentos que consistan na adquisición de maquinaria para a realización de servizos forestais quedan excluídos de financiamento a través da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020.

Neste senso, as empresas que opten a estas axudas deberán acreditar que polo menos unha porcentaxe do 50% da súa facturación está destinada ao uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía, tendente á produción a pequena escala de quebrado de madeira e/ou para pellets, achegando un contrato, facturación ou calquera medio de proba que o acredite. A porcentaxe do orzamento aceptado que será subvencionable irá en concordancia coa porcentaxe da súa facturación que se destina ao uso indicado. Esta porcentaxe de facturación formará parte dos compromisos asumidos polo promotor na resolución de concesión de axuda que se emita nesta tipoloxía de proxectos.

Durante os 5 anos posteriores á solicitude de pagamento final do expediente, o promotor está obrigado a facilitar ao GDR, durante o primeiro trimestre de cada ano, os datos contables da súa actividade referidos ao exercicio económico anterior, coa finalidade de que o GDR poida comprobar o cumprimento do disposto no parágrafo anterior. Así mesmo, o promotor deberá devolver a parte que corresponda da subvención no caso de que durante algún dos cinco anos de compromiso do investimento sinalados na resolución de concesión de axuda non cumpra coa facturación mínima comprometida.

Como consecuencia do anterior, e á vista da información contable facilitada polo promotor, o GDR remitiralle a Agader un informe anual, asinado polo responsable do equipo xestor de cada GDR, e por cada proxecto desta natureza que conte con resolución de concesión de axuda (mentres dure o período de compromiso dos investimentos de cada expediente). Estes informes anuais que remitirán os GDR a Agader, indicarán con claridade se o promotor segue cumprindo co compromiso que figura na resolución de concesión de axuda de cada expediente, indicando en caso contrario a porcentaxe de incumprimento a respecto da mesma.

O director xeral de AGADER

(Asinado electronicamente)

Miguel Ángel Pérez Dubois

